



SPEED DATING CULTURAL NO CULTURAL



SPEED DATING CULTURAL NO CULTURAL

Culturalgal é un gran punto de encontro. Por iso, o Concello de Pontevedra quere ORGANIZAR espazos e momentos para atoparnos no Culturalgal. Entendemos que é moi importante que empresas (novas ou non tanto), profesionais autónomos ou persoas particulares que teñan un proxecto (máis ou menos desenvolvido) poidan citarse con profesionais contrastados do sistema cultural galego e teñan a posibilidade de presentarllas a súa idea.

O Concello de Pontevedra presenta dous espazos de encontro específicos na mañá do sábado 5 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra dentro do Culturalgal ´15:

## *Puntazo de Encontro speed-dating cultural*

### **11h. Zona de encontros profesionais**

Oportunidade de presentar novos proxectos creativos a interlocutores importantes do sistema cultural galego como son:

- ◆ **Cidade da Cultura de Galicia**
- ◆ **Concello de Pontevedra**
- ◆ **Bodegas Martín Códax**
- ◆ **Vermú Nordesía**
- ◆ **Sinsal Audio**
- ◆ **Festival PortAmérica**

## *Vino aberto a profesionais*

### **13h. Posto do Concello de Pontevedra**

Espazo informal patrocinado polas adegas Martín Códax para atoparse con persoas e empresas do sector cultural galego.

Se es profesional do sector cultural, se o teu é a creatividade ou a arte e queres presentar o teu proxecto, empresa ou idea a representantes das principais entidades e iniciativas culturais de Galicia, **achega a túa solicitude a través deste formulario <http://www.pontevedra.gal/areas/promocion-economica/puntazo-de-encontro/> antes do 27 de novembro de 2015.**

Podes solicitar +info en [puntazodeencontro@pontevedra.gal](mailto:puntazodeencontro@pontevedra.gal)

*Anímaste?*



SPEED-DATING CULTURAL NO CULTURAL

## BASES PARA A PARTICIPACIÓN EN “PUNTAZO DE ENCONTRO: SPEED-DATING CULTURAL NO CULTURAL”

### *Qué é o Speed-dating cultural?*

**Puntazo de Encontro: Speed-dating cultural** é unha iniciativa promovida pola Concellaría de Promoción Económica e Turismo do Concello de Pontevedra que se vai celebrar o día 5 de decembro de 2015 no marco do Culturgal, dentro do proxecto “**Pontevedra ten un puntazo**” deseñado e promovido pola devandita concellaría.

A finalidade deste **speed-dating** é **facilitar o achegamento e o diálogo entre o sector creativo e artístico e representantes da industria cultural galega**, a través da presentación de proxectos, cun formato dinámico e áxil.

Seguindo a metodoloxía deste formato, cada unha das persoas seleccionadas deberá presentar a cinco interlocutores diferentes un proxecto en concreto (o mesmo para todos/as), contando para iso con cinco minutos por presentación. É dicir, presentará o mesmo proxecto a cinco persoas diferentes, durante cinco minutos a cada unha.

### *Quen pode participar?*

Pode participar no speed-dating calquera persoa maior de idade que se considere con capacidade ou habilidade para deseñar e presentar proxectos de carácter creativo, artístico, cultural ou socio-cultural: eventos, exposicións, exhibicións, representacións, xornadas, iniciativas de participación, proxectos empresariais, obras artísticas, creativas, musicais, etc.

Poden participar entidades, empresas, asociacións ou grupos informais, sempre que se designe a unha persoa representante que será a encargada da presentación do proxecto.

### *Como participar?*

Para participar no speed-dating cultural é preciso presentar unha proposta de participación, a través do formulario de inscrición que atoparás en:

<http://www.pontevedra.gal/areas/promocion-economica/puntazo-de-encontro/>

Neste formulario solicítase información básica da persoa responsable do proxecto e un breve resumo deste. En canto estean cubertos os datos e despois de enviar o formulario, recibirás un correo electrónico notificando a túa correcta inscrición.



SPEED DATING CULTURAL NO CULTURAL

## *Proceso de selección*

Unha vez recibidas as propostas a organización seleccionará un máximo de dez, para o que se baseará en criterios como:

- ◇ **Orixinalidade do proxecto/idea.**
- ◇ **Valor social da idea/proxecto.**
- ◇ **Claridade e concreción.**

A organización poñerá en contacto coas persoas representantes das propostas seleccionadas para pechar aspectos loxísticos e organizativos.

## *Como se presentan as ideas/proxeitos?*

Os proxectos seleccionados presentaranse en formato speed-dating o día **5 de decembro ás 11h.** na zona de encontros profesionais do Culturalgal, que se celebrará no Pazo da Cultura de Pontevedra.

Para iso, a persoa representante de cada proxecto fará unha presentación de cinco minutos para cada unha das entidades membros do comité (cinco en total). É dicir, realizará a mesma presentación 5 veces seguidas, pero a entidades diferentes.

## *Quen vai escoitar os proxectos?*

As persoas designadas para escoitar os proxectos seleccionados representan a entidades e empresas vinculadas ao sector cultural galego, o que supón a oportunidade de presentar novas propostas creativas a potentes interlocutores como:

- ◇ **Fundación Cidade da Cultura de Galicia**
- ◇ **Concello de Pontevedra**
- ◇ **Bodegas Martín Códax**
- ◇ **Vermú Nordesía**
- ◇ **Sinsal Audio + Festival PortAmérica**

## *Prazos*

As solicitudes deberán ser presentadas a través do formulario en liña que atoparás nesta ligazón <http://www.pontevedra.gal/areas/promocion-economica/puntazo-de-encontro/>

A data límite de presentación de proxectos será o venres 27 de novembro de 2015. A listaxe dos proxectos/ideas seleccionados para formar parte das presentacións en formato speed-dating será publicada o martes 1 de decembro.

**Podes solicitar máis info en [puntazodeencontro@pontevedra.gal](mailto:puntazodeencontro@pontevedra.gal)**



SPEED DATING CULTURAL NO CULTURAL



## *Protección de datos*

Segundo a LOPD 15/1999 e o seu Regulamento de desenvolvemento informámoslle de que os datos recollidos nos formularios de participación serán incorporados a un ficheiro temporal coa finalidade de xestionar a actividade **“Puntazo de Encontro: Speed-dating cultural no Cultural”**.

O devandito ficheiro temporal estará dotado das medidas de seguridade oportunas relativas á natureza deste. Unha vez transcorridos trinta días dende a finalización da actividade, o ficheiro será totalmente destruído e os seus datos non serán empregados por tanto para ningunha outra finalidade.

Para máis información relativa ao dereitos ARCO (acceso, rectificación, cancelación e oposición) diríxanse ao responsable das bases.